

## **PRESENTACIÓN**

O presente Informe que acompaña ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 aporta datos dos orzamentos iniciais das catro deputacións provinciais galegas do ano 2005, de acordo coa Disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía que establece que os presupostos das deputacións provinciais galegas uniranse ós da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Os orzamentos aquí analizados, 2005, xa reflicten os primeiros resultados na composición de ingresos destas facendas provinciais, coas primeiras manifestacións dos reequilibrios da estrutura dos recursos cos que se conta como resultados das novidades lexislativas que nesta materia están en vigor.

Este Informe consta de dúas partes: a primeira aborda o estudio dos orzamentos de 2005 comparándoos cos de 2004 de acordo coa clasificación económica coa agregación a nivel de capítulos, e inclúe a análise de dúas variables orzamentarias de especial significación como son o aforro público maila carga financeira.

Nunha segunda parte, analízase a evolución recente dos orzamentos iniciais das deputacións. O período analizado abarca desde 2000 ata 2005.

Santiago de Compostela, setembro de 2005

A documentación orzamentaria analizada referida ó ano 2005 é a seguinte:

#### DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Orzamento da Deputación provincial

DEPUTACIÓN DE LUGO. Orzamento consolidado que contén:

Orzamento da propia Deputación provincial

Orzamento do Instituto lucense de desenvolvemento económico e social (INLUDES)

Orzamento da Sociedade Urbanística Provincial.

DEPUTACIÓN DE OURENSE. Orzamento consolidado que contén:

Orzamento da propia Deputación provincial

Orzamento do Instituto ourensán de desenvolvemento económico (INORDE)

Orzamento do Padroado provincial de Turismo.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Orzamento consolidado:

Orzamento da Deputación provincial

Orzamento do Museo provincial

Orzamento da Escola Universitaria de Enfermería

Orzamento do Centro de formación profesional “Fogar provincial”

Orzamento da Escola de Canteiros

Orzamento do Padroado de Turismo “Rías Baixas”

Orzamento da Caixa de anticipos de cooperación

Orzamento de Xestión de recursos das entidades locais (ORAL).

Os datos de poboación utilizados no informe son os publicados polo Instituto Galego de Estatística, relativos ó Padrón de habitantes de Galicia a 1 de xaneiro de 2005.